

En defensa dos Servizos Públicos

MANIFESTACIÓN

Domingo 25 de abril de 2010

12h Alameda (Compostela)

En defensa dos Servizos Públicos

DIANTE da política privatizadora do PP no goberno da Xunta e da política de recortes no gasto público do goberno central, é preciso saír à rua e esixir con voz firme:

- * Un sistema sanitario público de calidade, garantindo à poboación os principios básicos de universalidade, gratuidade e equidade no acceso ao sistema.
- * Un ensino público e de calidade, dotándoo de maiores orzamentos e suprimindo os concertos educativos.
- * O reforzo e ampliación dos servizos públicos, creando emprego e transformando o temporal en estábel. Ampliación da propia administración pública como proposta de defensa do público fronte ao privado.
- * A consolidación dun sistema público galego de servizos sociais que garanta os equipamentos precisos para acadar uns servizos que cubran as necesidades sociais do conxunto da poboación galega,- viva onde viva ésta-,co obxectivo de favorecer a cohesión social do país, reforzando vencellos sociais e combatendo os procesos de desestructuración territorial e social, abordando, tanto as situacións de falla de autonomía persoal, como a pobreza e exclusión social ou nas que existan menores en conflito ou desamparo.
- * O rescate e ampliación da xestión pública en servizos que foron e están sendo privatizados na administración local como a limpeza, abastecimento de auga e depuración, parques e xardíns, escolas infantís, servizos socioculturais e administrativos, servizos provinciais de emerxencia, parques comarcais de bombeiros....
- * Un servizo de correos público galego, xa que o servizo de correos é algo necesario para impedir que o mundo rural se sinta discriminado e se poda revitalizar.
- * O restablecemento da xestión pública dos servizos que prestaban SEAGA e SOGASERSO.
- * A revitalización e dotación de persoal e medios às Oficinas Agrarias Comarcais para que volvan prestar todo tipo de servizos de asesoramento, incluído o aconsellamento, e tramitación às explotacións, rescatando todos os servizos que xa foron privatizados.
- * A xestión directa da administración en todo o relacionado coa sanidade animal e vexetal, que só se realizará con garantías se non están sometidas a intereses privados e particulares e se é asumida desde a Administración Pública.
- * Artellamento duns servizos de transporte público no medio rural acorde coas necesidades existentes, mantendo e mellorando o que xa existe, recuperando liñas, e ampliando horarios, tanto de autobuses como de tren.

NON à privatización dos Servizos Públicos!!

